

MANIFESTO DE NIGRÁN

PROMOVENDO OS
DEREITOS DA INFANCIA
E DA ADOLESCENCIA NA
CONTORNA DIXITAL



Conclusións do IV Encontro Galego de Consellos
Locais de Participación Infantil e Adolescente 2025



Ciudades
Amigas
de la Infancia

unicef 
para cada infancia

MANIFESTO DE NIGRÁN

Conclusións do IV Encontro Galego de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente 2025

Preto de 50 rapaces e rapazas chegados desde distintos concellos de Galicia reunímonos o sábado 18 e o domingo 19 de outubro na Residencia de tempo libre de Panxón, para celebrar o **IV Encontro Galego de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente**. Alí, os nenos e nenas procedentes de **A Laracha, Moaña, Nigrán, O Rosal, Ponteareas, Teo, Tomiño e Tui, ademais dunha representación do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA) que chegaban de Ferrol, Santiago, Redondela, Vilagarcía e Vigo**, traballamos o tema dos dereitos da infancia na contorna dixital.

Os **dereitos dixitais** da infancia garanten que nenos, nenas e adolescentes poidan acceder, utilizar e gozar do entorno dixital de maneira segura e respectuosa, protexendo os seus dereitos fundamentais. Estes dereitos inclúen o acceso a espazos dixitais seguros e a posibilidade de aproveitar as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías, como a liberdade de expresión, o acceso á información, a educación e o xogo.

Este tema foi tratado en varios grupos variados, o que facilitou un enfoque plural e transversal, dende diferentes perspectivas:

- **A saúde mental na rede**
- **Non discriminación en Internet**
- **Redes sociais e privacidade**
- **O espazo dixital e o ciberacoso**

Co obxectivo de favorecer o noso dereito á participación, a opinar e a ser escoitados, este Encontro estivo deseñado para fomentar o intercambio de experiencias e abordar temas que fosen do noso interese.

Por este motivo, e para dar continuidade ao traballo desenvolvido neste espazo, elaboramos este Manifesto que recolle as nosas conclusións e propostas para o Goberno Autonómico e os nosos concellos.

Saúde mental na rede

Para mellorar o impacto da rede na nosa saúde mental, os nenos e nenas **comprometémonos** a:


- Respetar a todas as persoas na contorna dixital.
- Non deixarse influenciar por opinións externas.
- Verificar a información antes de seguila.
- Limitar o noso uso das redes.

Pero para todo isto necesitamos recursos, formación e sensibilización. As nosas **propostas** son:

- ▶ Talleres de xestión emocional e habilidades sociais para comprender máis e mellor.
- ▶ Cursos sobre intelixencia emocional e educación en autocontrol.
- ▶ Campañas de concienciación sobre a necesidade de privatizar as contas nas redes sociais.
- ▶ Crear un protocolo de apoio ás vítimas, así como grupos de axuda mutua que sexan espazos seguros para a infancia e adolescencia.
- ▶ Dar visibilidade e difundir a existencia do teléfono 017 do Instituto Nacional de Ciberseguridade, de axuda gratuíta e confidencial.
- ▶ Talleres para comprender as fortalezas e debilidades das redes sociais como ferramentas para socializar e paliar o illamento social.
- ▶ Especialistas formados en tratar con problemas da contorna dixital e resolución pacífica de conflitos.
- ▶ Protocolos contra o ciberacoso que contemplan reparación de danos.
- ▶ Formacións sobre as consecuencias do abuso do internet, tanto para o profesorado como para a infancia e adolescencia e as familias.

“É preciso difundir os mecanismos e as vías de axuda, tanto para as persoas adultas como para os nenos e as nenas”


MANIFESTO DE NIGRÁN



Non discriminación en internet

Para garantir un trato igualitario na rede e que cada persoa poida facer o que lle gusta sen ser xulgada, **comprometémonos** a:

- Actuar con respecto cara ás demais persoas.
- Asistir á formación necesaria.
- Denunciar os actos discriminatorios sufridos en primeira persoa e os observados cara outras persoas.
- Defender ás vítimas de discriminación no mundo dixital.
- Rexeitar a complicidade pasiva ante situacións de discriminación.



As nosas **propostas** son:

- ▶ A Administración Pública é responsable de concienciar á sociedade a través de formación para ter empatía ca diversidade funcional.
- ▶ Queremos un mecanismo para bloquear as contas creadas co mesmo móbil ou correo electrónico; as contas teñen que estar asociadas a un nº de DNI.
- ▶ É necesario un filtro de comentarios negativos, para que non poidan ser publicados.
- ▶ Que salten avisos sobre as contas que recibiron denuncias por faltas de respecto ou outras situacións que vulneren os dereitos da infancia.
- ▶ Crear unha figura que se adique a investigar condutas sospeitosas en Internet e inspeccionar que as personas usuarias das redes non suban contido ofensivo.
- ▶ Revisar as contas que foron denunciadas e aquelas que denuncian para determinar a veracidade das mesmas.
- ▶ Medidas de educación dixital en base á igualdade e ao respecto, para nenos, nenas e adolescentes, para familias, e para persoal técnico das Administracións. Esa información ten que estar adaptada á diversidade funcional.

“É necesaria a implicación das empresas que están detrás das redes sociais”

Redes sociais e privacidade

A privacidade en internet é fundamental, e temos que formar parte da solución, por iso os nenos, nenas e adolescente participantes **comprometémonos** a:

- Non compartir a ubicación con persoas descoñecidas.
- Non compartir contrasinais.
- Non proporcionar datos persoais.
- Non compartir fotos ou datos doutras persoas sen o seu consentimento.
- Protexer a imaxe das crianzas máis pequenas.



As nosas **propostas** son:

- ▶ Implantar unha lei que prohiba ensinar a imaxe de menores nas redes sociais.
- ▶ Nesa lei tense que impedir ter redes sociais ata os 14 anos como mínimo, xa que na actualidade comézase a usar redes sociais a idades moi temperás.
- ▶ Crear a figura dunha persoa inspectora que se encargue de revisar as publicacións e aplicar as restricións necesarias.
- ▶ Formacións sobre pegadas dixitais e coñecer os recursos que existen para impedila.
- ▶ Implantar formacións para saber usar as redes sociais como aliadas e non como inimigas.
- ▶ Formación para as persoas responsables do coidado de nenos, nenas e adolescentes sobre os perigos da exposición nas redes sociais.



"O teu é teu, ti decides con quen, como e cando o compartes"

O espazo dixital e o ciberacoso

Para evitar o ciberacoso na rede, propio ou alleo, **comprometémonos** a:

- Romper as cadeas que nos impidan ser libres.
- Non ser cómplices de situacións de acoso.
- Ser axentes activos na protección da infancia e da adolescencia, denunciando as experiencias propias de ciberacoso e tamén aquelas que non nos afectan directamente pero que si coñecemos.

Para iso, facemos as seguintes **propostas**:

- ▶ Implantar formacións para aprender a empregar os videoxogos de maneira construtiva.
- ▶ Promover campañas de concienciación e respecto, mellora da autoestima e seguridade.
- ▶ Prevención do ciberacoso con técnicas que investiguen e detecten posibles casos.
- ▶ Dar visibilidade ós diferentes tipos de acoso que se dan nas redes, poñéndolle nome, como é o caso da Sextorsión, Grooming, cyberbullying e moitos outros.
- ▶ Ofrecer formacións a pais,nais, e tamén autoridades para saber como actuar nun caso de ciberacoso e facilitarlles os recursos de axuda xa existentes.
- ▶ Facilitar axuda psicolóxica ás vítimas de ciberacoso e tamén á persoa acosadora.
- ▶ Crear unha guía de recursos de axuda existentes en relación a este tema e divulgala.
- ▶ Crear unha versión das Apps adaptada ás persoas menores de idade, de maneira que estas estean en consonancia coas súas capacidades e necesidades.



- ▶ Crear unha figura nas institucións educativas que se encargue dos conflitos dixitais.
- ▶ Bloqueos ás contas das persoas que practican ciberacoso.
- ▶ Capacitación ao profesorado para saber actuar ante casos de ciberacoso.
- ▶ Crear divisións policiais para atender casos de ciberacoso entre menores de idade.

Extractos da canción que se elaborou sobre este tema con axuda de intelixencia artificial:

(...) Míster Respeto chegou a la red pa' poner orden en el chat, chat, chat, chat, chat, chat,

Cuidado con lo que tú escribes, las palabras duelen más que miles.

En la pantalla todo se ve fácil, pero Míster Respeto llegó a ponerle freno al bullying digital. Si ves a alguien mal, no mires a otro lado, dale tu apoyo, que no estés callado.

La red es pa' brillar, no pa' tirar.

Y Míster Respeto lo viene a recordar.

Ey, ey, ey, respeto en la red, eso es flow.

Baila, comparte, se tú mismo, bro.
Y dile no al **ciberacoso**. (...)



*Todas estas son as conclusións do noso traballo durante o **IV Encontro Galego de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente 2025**.*

Esperamos que vos resulten útiles para o voso traballo, que as teñades en conta e que non se esquezan. Estaremos encantadas e encantados de facerlles seguimento e traballar conxuntamente para que estas propostas se fagan realidade.



Se queredes afondar no noso traballo, animámosvos a botar un ollo ós nosos podcast “Pantallas e Fronteiras” que atoparedes escaneando o QR.

Equipo de coordinación:

UNICEF Comité Galicia

Área de Políticas Locais e Participación

Iniciativa Ciudades Amigas da Infancia

www.unicef.es

www.ciudadesamigas.org



Fotografías: Atelier Social

www.ateliersocial.org

Diseño e maquetación: Ecovigo Publicidad

www.ecovigo.com

Coa colaboración da Xunta de Galicia

Calquera persoa é libre de copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra, sempre que se recoñezan os créditos de xeito específico polos editores e autores, e non se utilice con fins comerciais ou contrarios aos dereitos da infancia.

Colabora:

Promove: